

VI CONCURSO NOVOS TALENTOS - PREMIO DE RELATO CURTO EDICIÓN 2013-2014

BASES DE PARTICIPACIÓN

I. REQUISITOS

Poderán participar escolares que cursen 2.º curso de ESO, sempre que non superen a idade máxima de participación de 16 anos, a través dos colexios/institutos onde se realicen os devanditos estudos (en diante, centro escolar).

II. FASE ESCOLAR

- **Contacto coa oficina local de Coca-Cola**
 - A oficina local de Coca-Cola porase en contacto cos centros escolares e invitaraos a participar. Ademais, se o desexan, poderán visitar a súa planta embotelladora cos grupos de 2.º curso de ESO. Así mesmo, entregarlle ao profesorado representante do centro escolar a información do concurso.
- **Elección de representantes por cada centro escolar**
 - Cada centro escolar organizará o seu propio sistema de selección do alumnado de cada clase de 2.º curso de ESO que representará ao centro na fase provincial do concurso. A organización do concurso recomenda que a selección dos participantes se realice de forma consensuada entre profesorado e alumnado.
 - Ata o 25 de febreiro os centros escolares, a través do profesor de contacto, comunicaranlle mediante a **Folla de inscrición** á oficina local de Coca-Cola e/ou persoa responsable do concurso na súa provincia os nomes dos dous alumnos por clase que designarán como representantes.
 - **Se os alumnos fosen menores de 14 anos, terán que contar coa autorización por escrito do pai/nai ou titor do seu alumno e remitilo antes do desenvolvemento da proba escrita.**



XUNTA DE GALICIA



Organizado por Coca-Cola Iberian Partners, SA

III. FASE PROVINCIAL

1. PROBA DE SELECCIÓN

- O 21 de marzo de 2014 terá lugar simultaneamente nas principais cidades galegas unha proba de selección á que concorrerán os alumnos designados por cada centro escolar.

2. NORMAS PARA A PROBA DE SELECCIÓN

- Todo o alumnado participante deberá acudir á proba de selección **debidamente identificado co seu DNI ou Libro de Familia.**
- O alumnado designado por cada centro escolar presentarse no lugar e á hora sinalados pola oficina local de Coca-Cola para realizar a proba de selección, consistente na elaboración dun RELATO.
- O relato deberá realizarse no papel oficial do concurso, cadernos de dúas follas numerados, que se repartirán ao inicio da proba. Estes cadernos levarán un número como identificación. Cada participante cubrirá cos seus datos persoais (nome, centro escolar, código postal, provincia e cidade) a cabeceira do caderno e escribirá no espazo correspondente da folla o nome da súa provincia, que será o único que o identifique xunto co número.
- O tema do relato será establecido polos organizadores do concurso expresamente para esta proba a partir dun estímulo narrativo que se desvelará o mesmo día da proba.
- O relato, cunha extensión máxima dun caderno de dúas follas, non poderá ir asinado.
- Deberase utilizar unha pluma estilográfica ou bolígrafo de tinta escura.
- Ao finalizar a proba, separarase de cada relato a parte superior ou cabeceira, onde figuran os datos do concursante, e entregánselle os relatos ao xurado autonómico para a súa avaliación, **sen a referencia que permita identificar os autores.**

3. XURADO

- O xurado estará formado por profesores de colexios, autoridades educativas e/ou representantes do mundo literario, medios informativos e institucións.



XUNTA DE GALICIA



Organizado por Coca-Cola Iberian Partners, SA

4. PREMIOS PROVINCIAIS

- De cada sector provincial elixiranse os seis mellores relatos entre todos os presentados en cada sector, aos que se lle outorgará unha clasificación do primeiro ao sexto.
- Os seis primeiros clasificados por cada sector provincial recibirán cadanseu obsequio, dependendo da orde de clasificación que o xurado lles asignase, e todos eles recibirán un lote de artigos coa marca Coca-Cola, o mesmo para todos.

IV. FASE AUTONÓMICA

- o Participará na fase autonómica o relato gañador de cada sector provincial.
- O xurado elixirá un campión galego entre os gañadores por cada sector provincial.

PREMIOS

1. Premio para o gañador autonómico: Unha VIAXE de carácter cultural e de ocio, con destino nacional e/ou internacional e con todos os gastos pagados (hoteis, comidas, aloxamento etc.). A viaxe realizarase, unha vez rematado o curso escolar, a finais do mes de xuño. O destino determinará a organización do concurso. Para poder gozar do premio, o gañador deberá ser acompañado á viaxe por un adulto, o cal será determinado pola organización de forma previa á viaxe. A organización informará os pais ou tutores do gañador autonómico quen, en todo caso, deberán autorizar tanto a viaxe como o acompañante determinado.
2. **Premio para o profesor de Lingua Galega da persoa campioa galega:** un PREMIO moi especial
3. Os premios non son cambiábeis en diñeiro nin por ningún outro premio e a súa entrega estará suxeita ao disposto en materia fiscal.



V. NORMAS DO CONCURSO

1. Os centros escolares que presenten ao concurso o seu alumnado de 2.º curso de ESO **deberán contar coa autorización previa do pai/nai ou titor, quen deberá coñecer as bases de participación.** A organización do concurso non se fai responsable das situacións que poidan derivarse do non cumprimento desta norma.
2. Todos os **xurados do concurso avaliarán os relatos atendendo á súa imaxinación, argumento, coherencia, composición, presentación e corrección gramatical.** O veredicto dos xurados será inapelable.
3. A mera **presentación ao concurso suporá a aceptación tácita das normas** contidas nestas bases por todos os participantes, centros escolares, pai/nai ou titor e profesorado.
4. **Os premios non poderán cambiarse** por diñeiro nin por ningún outro premio e a súa entrega estará suxeita ao disposto en materia fiscal.
5. Coca-Cola **determinará o destino da viaxe**, así como datas, lugares de encontro, voos, servizos adicionais e todos os seus aspectos. Os gañadores non poderán variar ningún destes puntos e só poderán aceptar a viaxe tal e como se lles ofrezca.
6. Coca-Cola terá o **dereito de modificar calquera aspecto da viaxe** sempre e cando as circunstancias o xustifiquen e se garanta a seguridade dos seus convidados e non será responsable se, en caso de folga, guerra ou quebra, a compañía de aviación contratada non puidese cumprir coas súas obrigas en relación coa viaxe contratada.
7. **O/A alumno/a gañador/a non poderá gozar da viaxe sen autorización previa por escrito do seu pai/nai ou titor, por ser menor de idade**, e deberá dispoñer de DNI ou pasaporte vixente no momento de iniciar a viaxe, así como dunha autorización de viaxe compulsada pola policía e a tarxeta sanitaria con cobertura en territorio español e estranxeiro.
8. En caso de que un **pai/nai ou titor non aceptase o premio asignado ao alumno gañador** ou este non tivese vixente a súa documentación no momento da viaxe, **ese premio declararase deserto.**
9. **Os relatos participantes no concurso serán postos á disposición dos seus autores**, unha vez transcorridos seis meses dende a concesión dos premios provinciais. Ata que transcorra este prazo, estes traballos poderán ser publicados nos medios informativos, utilizados en edicións dixitais, producións audiovisuais ou editados en libros e folletos como material didáctico do concurso, ou para calquera outro fin que Coca-Cola estime conveniente, tendo en conta que, en ningún caso, a utilización destes textos terá ánimo de lucro.
10. **Os datos de carácter persoal do alumno gañador e do representante do centro escolar** con alumno gañador na fase autonómica **conservaranse** coa única finalidade de poder



Organizado por Coca-Cola Iberian Partners, SA

identificar os autores dos relatos gañadores, poder comunicar e entregar os premios correspondentes á fase autonómica, así como poder identificar, en calquera momento, os alumnos/representantes dos centros escolares das distintas edicións do concurso e poder contrastalos.

Estes datos pasarán a formar parte de dúas bases de datos (BBDD): unha **BBDD propiedade da Compañía de Servizos de Bebidas Refrescantes, SL (Coca-Cola)**, e doutra BBDD propiedade de Coca-Cola Iberian Partners.

11. Durante a visita do centro escolar á fábrica de Coca-Cola, a celebración da proba escrita e nos actos de entrega de premios, a organización do concurso invitará os medios de comunicación nacionais e locais, polo que poderían publicar ou remitir o nome e apelidos dos participantes e/ou representantes do centro escolar, así como a súa imaxe e voz.

12. Cantas incidencias poidan xurdir serán resoltas por Coca-Cola.



Organizado por Coca-Cola Iberian Partners, SA

ANEXO

ONCE: CLÁUSULA ESPECÍFICA PARA OS PARTICIPANTES VINCULADOS Á INSTITUCIÓN

Para facilitar a participación en igualdade de condicións do alumnado con algunha necesidade educativa especial, poranse á disposición de todos aqueles que o precisen as adaptacións de acceso necesarias.

No caso do alumnado con discapacidade visual, deberán redactar o traballo nas mesmas condicións ca o resto de alumnos, en clase e por escrito. Para iso, disporán das adaptacións de acceso utilizadas nas súas tarefas escolares. Así mesmo, a ONCE comprométese a realizar a transcripción literal do traballo realizado. Ademais, deberá facilitárselle ao alumnado o tempo necesario, papel especial e a posibilidade de dispoñer de maior número de follas xa que o sistema braille e os materiais que se utilizarán en tinta así o requiren.

ACTIVIDADE CULTURAL ORGANIZADA POR COCA-COLA ESPAÑA COA COLABORACIÓN DE COCA-COLA IBERIAN PARTNERS E CO APOIO INSTITUCIONAL DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.

Bases do concurso depositadas ante notario